

A SECUENCIA

Por fin, a secuencia sería perfecta, pensou a doutora. Pero o que ela non sabía era que aqueles cálculos non eran correctos.

A doutora Mina era unha investigadora científica moi coñecida e que nunca se daba por vencida; pero tamén era unha persoa moi orgullosa, crea que sempre tiña razón e que nunca se equivocaba, pero si que cometía erros coma todo o mundo.

Un día a doutora Mina espertou sobresaltada e moi asustada polo pesadelo que tivera, fora un pesadelo moi curioso. Soñara que tiña as mans atadas pero cada vez que as observaba non había nada que as suxeitase, nin unha corda, nin unha cadea, nada. Mina comezou a pensar se o pesadelo que acababa de ter tería algo que ver coa secuencia que creara o día anterior. A secuencia que creara podía cambiar os soños, e, dende aquel momento, pensou que non era boa idea.

Vera Rodríguez Álvarez 1º D